

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

###### *Aprobación da Oferta de Emprego Público 2026*

Mediante resolución da alcaldía núm. 1077 de 30 de xuño de 2026, adoptouse o acordo que deseguido se transcribe na súa parte dispositiva:

«1º.- Aprobar a oferta de emprego público deste Concello para 2026, que comprende as prazas vacantes que a continuación se relaciona, dotadas no Orzamento da Corporación e que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, respectando as limitacións impostas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, prorrogada para o 2026:

Denominación praza	Vínculo	Escala / Subescala	Grupo	Número de prazas ofertadas	Observacións
Policía Local	Persoal funcionario	Administración Especial Subescala Servizos Especiais	C/C1	5	4 por quenda libre 1 pola quenda de mobilidade
Técnico de administración xeral	Persoal funcionario	Administración Xeral Subescala Técnica	A/A1	1	Quenda libre
Técnico de deportes	Persoal funcionario	Administración Xeral Subescala Técnica	B	1	Quenda libre
Conserxe	Persoal laboral	--	V	2	1 Quenda libre 1 Quenda discapacidade
Operario do Servizo de Emerxencias Municipal (SEM)	Persoal laboral	--	V	1	Quenda libre

2º- Publicar a oferta de emprego público no Diario Oficial correspondente, no taboleiro de edictos e no taboleiro da sede electrónica municipal

3º- O prazo máximo para o desenvolvemento e execución íntegra dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación da presente resolución de aprobación da OEP no Boletín Oficial da Provincia».

Sada, 30 de xuño de 2026

O alcalde,

Oscar Benito Portela Fernández

2026/4422